

CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.

Promoción en 1º, 2º e 3º de ESO

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, polo equipo docente, co asesoramento do departamento de orientación, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo, as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais dos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. **Neste sentido o equipo docente terá en consideración:**

Que nas materias non superadas non predominen as materias troncais, sendo as troncais as seguintes materias.

MATERIAS TRONCAIS		
1º ESO	2º ESO	3º ESO
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	FÍSICA E QUÍMICA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
XEOGRAFÍA E HISTORIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	FÍSICA E QUÍMICA
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	XEOGRAFÍA E HISTORIA
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)	PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)	PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)
LINGUA GALEGA E	LINGUA GALEGA E	LINGUA GALEGA E

LITERATURA	LITERATURA	LITERATURA
		MATEMÁTICAS

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

CRITERIOS DE TITULACIÓN EN 4º DE ESO.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Na adopción das decisións colexiadas do equipo docente relativas a promoción e titulación do alumnado con materias non superadas, éstas se aprobarán por consenso. Nos casos en que esta situación non se produxese, os acordos serán adoptados por maioría **simple dos seus membros**.

No caso do alumnado con nee, os referentes da avaliación durante a educación obrigatoria, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sin que este feito poda impedir a promoción ao curso seguinte ou a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.